

- NORMAN McLAREN
- ANDRÉS DI TELLA
- SEFF 2015: PETER TSCHERKASSKY / PAUL VECCHIALI
- CURTOCIRCUITO: JØRGEN LETH
- COMEDIAS EALING (I): ALEXANDER MACKENDRICK

- DESENCADRES
- FÓRA DE SERIE: ESTRÉAS
- FÓRA DE SERIE: CLÁSICOS
- OFF GALICIA
- CGAI JÚNIOR

234 / PRESENTACIÓN

A programación deste bimestre está conformada por unha serie de cineastas que representan un grupo ben plural de estilos: o cine experimental baseado no *found footage* (Tscherkassky), o documental (Jørgen Leth), o documental en primeira persoa (Di Tella), a animación experimental (McLaren), a ficción herdeira dos postulados da Nouvelle Vague (Vecchiali); todos eles unidos tamén por unha característica común: a súa escasa difusión no mercado español (o das salas comerciais, mais tamén o doméstico). Algúns destes ciclos aparecen vinculados asemade á colaboración estable con festivais como o do Cine Europeo de Sevilla ou, no caso do ciclo sobre Jørgen Leth, Curtocircuíto de Santiago de Compostela.

Xunto a estes ciclos, o programa complétase coas seccións habituais Off Galicia (unha sesión cunha escolma de traballos do programa didáctico *Cine en curso*; unha segunda parte do proxecto *Nimbos*, unha iniciativa do blog *Acto de Primavera* inspirada pola poesía de Díaz Castro; e o documental *Urbano Lugrís. A travesía do océano*), CGAI Júnior (o programa de curtametraxes *Paso a paso* e un dos grandes clásicos de Miyazaki, *Mi vecino Totoro*), Desencadres (un novo programa sobre Stan Brakhage e a súa serie *Songs*, entre elas a longametraxe *23rd Psalm Branch*, que se proxectará no seu formato orixinal, 8 mm.) e Fóra de Serie, en que se poderán ver tanto estreas recentes (a serie televisiva *El pequeño Quinquín*, de Bruno Dumont, *Los exiliados románticos*, terceira longametraxe de Jonás Trueba, *Amar, beber, cantar*, última película de Alain Resnais, e *Mauvo*, de Hernán Rosselli, unha das grandes sorpresas do máis recente cine independente arxentino) como clásicos (é o caso de *My Fair Lady*, de George Cukor, ou da restauración de *Sayot Nova*, de Sergei Parajánov, un deses títulos indispensables da historia do cine).

Baixo o epígrafe Comedias Ealing (I) proxectaranse tres películas dirixidas por Alexander MacKendrick (*Whisky a go-go*, *El hombre vestido de blanco*, *El quinteto de la muerte*). Este pequeno ciclo Ealing (con copias novas en DCP) continuará en xaneiro con *Ocho sentencias de muerte* (día 7), *Pasaporte para Pimlico* (día 8), *Oro en barras* (día 12) e *Los apuros de un pequeño tren* (día 13).

Agradecementos: Asociación A Bao A Qu, Acto de Primavera, Martin Pawley, Gabe Klinger, Austrian Film Museum, Canyon Cinema, S8-Mostra de Cinema Periférico, Amanita Films, Jørgen Leth, Danish Film Institute (Dinamarca), Pela del Álamo/Curtocircuíto (Santiago de Compostela).

NORMAN McLAREN

En colaboración co Museo da Universidade de Navarra e National Film Board of Canada.

“Norman McLaren (1914-1987) abandonou o seu país natal, Escocia, para recalar a mediados dos anos 30 na GPO Film Unit de Londres. Alí realizou películas documentais e participou, entre outros, nun documental sobre a Guerra Civil española, para o que viaxou a España. (...) No ano 39 viaxa a Nova York cunha bolsa da Fundación Guggenheim, e dous anos despois trasládase a Canadá para traballar no National Film Board, onde realizará o resto da súa filmografía ata os anos 80. (...) O propio McLaren, no prólogo dun libro sobre el publicado en 1974, explicaba así o seu traballo:

*O meu interese principal foron as curtametraxes experimentais que non empregan a palabra. Cando fago unha película, a miñas maiores satisfaccións parecéronse ás dun explorador que descobre un novo territorio. Desenvolver novas técnicas, ou novos usos para vellos técnicas, é o que sempre me incitou. (...) Para facilitar esta interacción (e porque é máis divertido) sempre deixo o maior espazo posible á improvisación durante o proceso de realización dunha película; xamais utilicei un guión; simplemente tiveren unha idea do esqueleto da película na cabeza. Por suposto, nalgunhas das miñas películas o tema, máis ca a técnica, é o primordial. Isto é así sobre todo cando a música é o núcleo arredor do cal medra a película. (...) Nos meus primeiros traballos, fixen moito uso da técnica do cine sen cámara, da que Len Lye foi pioneiro, e que consiste en debuxar e pintar directamente sobre a película. Gustábame porque era inmediato. Nas miñas obras máis recentes, a miña atención pasou de películas directas, animadas e abstractas, cara a temas que implican acción en vivo, e temas con interese humano.*

O ciclo de películas de McLaren que presentamos componse das recentes restauracións dixitais das súas películas ao cuidado do National Film Board of Canada, e na práctica supón unha boa introdución ao conxunto da obra do cineasta. Os títulos das sesións introducen algúns dos conceptos clave na poética e na técnica de McLaren:

**A arte do movemento**, aspecto que como sinala o propio McLaren percorre toda a súa obra e agrupa títulos e técnicas. Ao mesmo tempo, unifica os procedementos abstractos con outros inspirados no movemento humano no escenario ou no espazo. **Pintar a luz**, onde o desenvolvemento

da técnica da pintura directa sobre película o leva a explorar, entre outros, problemas plásticos ou visuais. **A música calada**, sobre o seu interese na música e o modo de trasladala coas técnicas da animación á pantalla, ademais de sobre os seus cruciais experimentos co son óptico, é dicir, coa posibilidade de pintar directamente o son sobre a película, do mesmo modo que Lye pintaba siluetas e formas. E por último, aínda que cronoloxicamente será a primeira sesión, un programa que a través de dúas das máis coñecidas curtametraxes de McLaren e dun iluminador documental-entrevista sobre o seu traballo, introducirá de modo directo a figura do gran creador escocés-canadense.”

Manuel Asín (*Pioneros de la animación experimental: Fischinger, Lye, McLaren*. Museo Universidade de Navarra)

**PROGRAMA 1**  
**Presentación:** *Norman McLaren’s Opening Speech* (Canadá, 1961), *Neighbours* (Canadá, 1952), *Cinéma, de notre temps*. *Norman McLaren* (André S. Labarthe, Francia, 2001)

**PROGRAMA 2**  
**A arte do movemento:** *Love on the Wing* (GB, 1938), *Stars and Stripes* (USA, 1940), *Dots* (USA, 1940), *Loops* (USA, 1940), *V for Victory* (Canadá, 1941), *Begone Dull Care* (Evelyn Lambart & Norman McLaren, 1949), *Lines Vertical* (Evelyn Lambart & Norman McLaren, 1960), *Lines Horizontal* (Evelyn Lambart & Norman McLaren, 1962), *Mosaic* (Evelyn Lambart & Norman McLaren, Kanada 1965), *Fiddle-De-Dee* (Canadá, 1947), *Le Merle* (Canadá, 1958), *Mail Early for Christmas* (Canadá, 1959), *New York lightlboard* (1961), *New York Lightboard Record* (1961), *Short and Suite* (Canadá, 1959).

**PROGRAMA 3**  
**Pintar a luz:** *La poulette grise* (Canadá, 1947), *Là-haut sur ces montagnes* (Canadá, 1945), *A Phantasy* (Canadá, 1952), *Blinkity Blank* (Canadá, 1955), *Serenal* (Canadá, 1959), *Spheres* (René Jodoin & Norman McLaren, Canadá, 1969).

**A música calada:** *Boogie-Doodle* (USA, 1940), *Alouette* (Norman McLaren & René Jodoin, Canadá, 1944), *Pen Point Percussion* (Canadá, 1951), *Rythmetic* (Evelyn Lambart & Norman McLaren, Canadá, 1956), *Canon* (Grant Munro & Norman McLaren, Canadá, 1964), *Mosaic* (Evelyn Lambart & Norman McLaren, Canadá, 1965), *Synchromy* (Canadá, 1971).

**PROGRAMA 4**  
**O bailarín:** *Spook Sport* (Mary-Ellen Bute & Norman McLaren, USA, 1940), *5 for 4* (Canadá, 1942), *Hen Hop* (Canadá, 1942), *Dollar Dance* (Canadá, 1943), *A Chairy Tale* (Claude Jutra & Norman McLaren, Canadá, 1957), *Two Bagatelles* (Grant Munro & Norman McLaren, Canadá, 1952), *Pas de deux* (Canadá, 1968), *Ballet Adagio* (Canadá, 1972), *Narcissus* (Canadá, 1983).

Agradecementos: Manuel Asín, Oscar Rangel/NFB.

ANDRÉS DI TELLA

En colaboración con Tabakalera (San Sebastián)

Andrés Di Tella (1958) é un dos documentalistas máis destacados do continente americano e o seu cine combina a Historia co arquivo persoal e a primeira persoa. Tamén realizou instalacións, *performances*, pezas de vídeo arte e programas de televisión; produciu e dirixiu documentais para Canal 7 e Canal Encuentro (Arxentina), PBS (Estados Unidos) e Channel 4 (Gran Bretaña), entre outros. Conferenciante nalgunhas das principais institucións académicas do mundo (como a Universidade de Oxford), en 1999 fundou e dirixiu o Buenos Aires Festival Internacional de Cine Independiente, máis coñecido polo seu acrónimo, BAFIGI. Desde 2002 dirixe o Princeton Documentary Festival na Universidade de Princeton (Estados Unidos). O seu primeiro libro, *Hachazos*, publicouse ao mesmo tempo que a estrea da película homónima.

**Programación Ourense**

Biblioteca Pública Nodal. Concello, 11. Ourense  
Máis info: <http://cineclubepf.blogspot.com.es/>

Novembro 9, 20.30 e 23 h. *Fóra de serie PASOLINI* (Abel Ferrara, 2014) 86'. Subt. Castelán.

Novembro 30, 20.30 h. *Fóra de serie QUÉ DIFÍCIL ES SER UN DIOS* (Aleksey German, 2013) 177'. Subtítulos Castelán.

Dembro 14, 20.30 h. *Galicia al día ORENSE AL DÍA / PONTEVEDRA AL DÍA* (Amando Hermida Luaces, 1959) 120'. 23.00 h. *Galicia al día LA CORUÑA AL DÍA / LUGO AL DÍA* (Amando Hermida Luaces, 1959) 88'.



Organizado en colaboración coa institución donostiarra Tabakalera, este pequeno ciclo inclúe unha escolla dos traballos máis representativos de Andrés Di Tella e concluírá o sábado 14 de novembro co seu último documental, presentado recentemente no Festival de San Sebastián, *327 cuadernos* (2015), retrato nesta ocasión dun escritor, Ricardo Piglia. Esta sesión estará presentada polo propio Andrés Di Tella.

Agradecementos: Víctor Iriarte/Tabakalera, Andrés di Tella, Gema Films (Buenos Aires), Programa Ibermedia (Madrid).

SEFF: PETER TSCHERKASSKY / PAUL VECCHIALI

En colaboración co Festival de Cine Europeo de Sevilla (SEFF).

**PAUL VECCHIALI**  
“O amor e o desexo, en todas as súas formas e matices, son o motor do cine de Paul Vecchiali, que discorre por un camiño propio á hora de tratar estas cuestións: cunha mestura imposible e única de humor, ramallazos de musical, fonda humanidade, sensualidade, alienación e unha posta en escena viva e cambiante, Vecchiali converteuse nunha das voces máis particulares e apreciadas do cine francés. A súa carreira comeza nos anos sesenta como produtor das primeiras películas de Jean Eustache, antes de crear a súa propia produtora, Diagonale, en 1976. Amigo próximo de Jacques Demy, Vecchiali colaborou como crítico en publicacións como *Cahiers du cinéma* e *Revue du cinéma*. As súas numerosas obras puideronse ver en Cannes, Venecia, Locarno ou Marsella. Un cineasta único na súa especie, que o mesmo se pode aliñar con certa caste de cineastas franceses e alemáns dos setenta, que coas novas xeracións. Sempre novo e sen medo: nin á vida, nin á morte.” (Programa da 12ª edición do Festival de Cine Europeo de Sevilla)

**PETER TSCHERKASSKY**  
Peter Tscherkassky (Viena, 1958) é das voces máis consolidadas do panorama experimental internacional e, en particular, de Austria, un dos países europeos cunha maior tradición neste campo (Peter Kubelka, Kurt Kren, etc). Traballando sempre con 35 mm e servíndose en ocasións dun espectacular Cinemascope, as súas películas atraen pola asombrosa combinación de imaxe e son, que fai do seu visionado toda unha experiencia sensorial a través da manipulación analóxica: crebaduras e superposicións nos fotogramas; ruidos, zunidos e silencios na pista de audio. O CGAI leva programando as súas obras desde hai uns vinte anos, mais esta é a primeira vez en que se presenta unha sorte de retrospectiva con dous programas escolleitos polo propio autor e entre cuxos títulos se inclúe o seu último traballo, **The Exquisite Corpus**, estreado na última Quincena dos Realizadores do Festival de Cannes.

Agradecementos: Peter Tscherkassky, Paul Vecchiali, Sixpack (Austria), Olivier Rechou (Francia), Gérard Guilor (Francia), Cosimo Santoro/Open Reel (Italia).

Programación Vigo

Auditorio Municipal. Praza do Rei. Vigo  
Máis info: [www.lumierevigo.com](http://www.lumierevigo.com)

Novembro 10, 19.30 h. *Norman McLaren A ARTE DO MOVEMENTO* (1938-1961) 76'.

Novembro 24, 19.30 h. *Norman McLaren O BAILARÍN* (1940-1983) 82'.

Dembro 1, 19.30 h. *Galicia al día PONTEVEDRA AL DÍA* (Amando Hermida Luaces, 1959) **NOTICARIO DE VIGO / NOTICARIO FOLK Nº1 / RECIBIMIENTO DE VIGO A SU EXCELENCIA EL PRESIDENTE DE LA REPÚBLICA** ( José Gil / Ramón Barreiro, c.1928-1934) 82'.

Dembro 15, 19.30 h. *Fóra de serie QUÉ DIFÍCIL ES SER UN DIOS* (Aleksey German, 2013) 177'. Subtítulos Castelán.

Dembro 22, 19.30 h. *Curtocircuíto: Jørgen Leth CINCO CONDICIONES* (Jørgen Leth e Lars Von Trier, 2003) (+ **THE PERFECT HUMAN**, 1969) 110'. Subt. Castelán.

Dembro 29, 19.30 h. *Curtocircuíto: Jørgen Leth PELOTA* (1983) **66 SCENES FROM AMERICA** (1982) 90'. Subt. Castelán.





**MARTES**  
novembro  
**03** 18.00 e 20.30 h.  
Norman McLaren  
**PROGRAMA 1:**  
**Presentación**  
74' aprox. DCP/Vídeo. Subtítulos en castelán.

**MÉRCORES**  
novembro  
**04** 18.00 e 20.30 h.  
Norman McLaren  
**PROGRAMA 2:**  
**A arte do movemento**  
71' aprox. DCP/Vídeo HD.

**XOVES**  
novembro  
**05** 18.00 e 20.30 h.  
Norman McLaren  
**PROGRAMA 3:**  
**Pintar a luz / A música calada**  
84' aprox. DCP/Vídeo HD.

**VENRES**  
novembro  
**06** 18.00 e 20.30 h.  
Norman McLaren  
**PROGRAMA 4:**  
**O bailarín**  
74' aprox. DCP/Vídeo HD.

**SÁBADO**  
novembro  
**07** 18.00 h.  
Off Galicia /  
Cine en curso  
**Vida dunha fábrica** (IES O Mosteirón, Sada, 2014)  
**Deixando atrás** (CEIP A Rúa, Cángas, 2015)  
**Més a prop** (Institut Milà i Fontanals, Barcelona, 2015)  
40' aprox. Vídeo. Presentación. Entrada de balde.

novembro  
**10** 18.00 e 20.30 h.  
Andrés Di Tella  
**Montoneros. Una historia** (1994)  
(+ **Reconstruyen crimen de la modelo**, 1990)  
94' Vídeo.

novembro  
**11** 18.00 e 20.30 h.  
Andrés Di Tella  
**Fotografías** (2007)  
110' Vídeo.

novembro  
**12** 18.00 e 20.30 h.  
Andrés Di Tella  
**El país del diablo** (2008)  
75' Vídeo.

novembro  
**13** 18.00 e 20.30 h.  
Andrés Di Tella  
**Hachazos** (2011)  
(+ **21 de marzo**, 2014)  
87' Vídeo.

novembro  
**14** 18.00 h.  
Andrés Di Tella  
**327 cuadernos** (2015)  
79'. Presentación: Andrés Di Tella. Entrada de balde.

novembro  
**17** 18.00 h.  
Fóra de serie  
**El pequeño Quinquin**  
Bruno Dumont, 2014.  
206'. DCP. Subt. Castelán.

novembro  
**18** 19.30 h.  
Fóra de serie  
**El pequeño Quinquin**  
Bruno Dumont, 2014.  
206'. DCP. Subt. Castelán.

novembro  
**19** 20.30 h.  
SEFF: Peter Tscherkassky  
**Manufraktur** (1985)  
**Parallel Space: Inter-View** (1992)  
**Outer Space** (1999)  
**Dream Work** (2001)  
**Instructions for a Light and Sound Machine** (2005)  
60' aprox. 35mm.

novembro  
**20** 20.30 h.  
SEFF: Peter Tscherkassky  
**Happy-End** (1996)  
**Nachtstück** (2006)  
**Coming Attractions** (2010)  
**The Exquisite Corpus** (2015)  
60' aprox. 35mm.

novembro  
**21** 18.00 h.  
Off Galicia  
**PROXECTO NIMBOS II**  
45' aprox. DCP/Vídeo HD.  
Presentación: Martin Pawley. Entrada de balde

novembro  
**24** 18.00 e 20.30 h.  
SEFF: Paul Vecchiali  
**Femmes femmes** (1974)  
120'. DCP. Subt. Galego\*

novembro  
**25** 18.00 e 20.30 h.  
SEFF: Paul Vecchiali  
**Faux accords** (2013)  
70'. Vídeo HD. Subt. Galego\*

novembro  
**26** 18.00 e 20.30 h.  
SEFF: Paul Vecchiali  
**C'est l'amour** (2015)  
98'. DCP. Subt. Galego\*

novembro  
**27** 18.00 e 20.30 h.  
SEFF: Paul Vecchiali  
**Nuits blanches sur la jetée** (2014)  
94'. Vídeo HD. Subt. Galego\*

novembro  
**28** 18.00 h.  
CGAI Júnior  
**PASO A PASO**  
VV.AA., 1996-2013.  
45'. DCP. Versión castelá. Entrada de balde

decembro  
**01** 18.00 e 20.30 h.  
SEFF: Paul Vecchiali  
**Victor Schoelcher, l'abolition** (1998)  
90'. DCP. Subt. Castelán

decembro  
**02** 18.00 e 20.30 h.  
Fóra de serie  
**Los exiliados románticos**  
Jonás Trueba, 2015  
70'. DCP.

decembro  
**03** 18.00 e 20.30 h.  
Fóra de serie  
**Amar, beber y cantar**  
Alain Resnais, 2014  
108'. DCP. Subt. Castelán

decembro  
**04** 18.00 e 20.30 h.  
Fóra de serie  
**Sayat Nova**  
Sergei Parajanov, 1969  
77'. DCP. Subt. Castelán

decembro  
**05** 18.00 h.  
*Desencadres*  
**23rd Psalm Branch Songs 24-27**  
Stan Brakhage, 1966-1969  
130' aprox. 8mm/16mm. Entrada de balde

decembro  
**09** 18.00 e 20.30 h.  
Curtocircuito: Jørgen Leth  
**Cinco condiciones**  
Jørgen Leth e Lars Von Trier, 2003  
(+ **The Perfect Human**, 1969)  
110'. DCP. Subt. Castelán

decembro  
**10** 18.00 h.  
Curtocircuito: Jørgen Leth  
**Motion Picture** (1970).  
**Chinese Ping-pong** (1972).  
**Pelota** (1983)  
81'. DCP. Subt. Castelán.  
  
20.30 h.  
Curtocircuito: Jørgen Leth  
**A Sunday in Hell** (1977)  
111'. DCP. Subt. Castelán

decembro  
**11** 18.00 h.  
Curtocircuito: Jørgen Leth  
**Michael Laudrup, futbolista** (1993)  
74'. DCP. Subt. Castelán  
  
20.30 h.  
Curtocircuito: Jørgen Leth  
**66 Scenes from America** (1982)  
**New York Street Performers** (Jørgen Leth e Ole John, 1982)  
76'. DCP. Subt. Castelán

decembro  
**12** 18.00 h.  
CGAI Júnior  
**Mi vecino Totoro**  
Hayao Miyazaki, 1988  
86'. DCP. Versión castelá. Entrada de balde

decembro  
**15** 18.00 e 20.30 h.  
Fóra de serie  
**Mauro**  
Hernán Rosselli, 2014  
80'. DCP.

decembro  
**16** 18.00 e 20.30 h.  
Comedias Ealing  
**Whisky a go-go**  
Alexander MacKendrick, 1949  
82'. DCP. Subt. Castelán

decembro  
**17** 18.00 e 20.30 h.  
Comedias Ealing  
**El hombre vestido de blanco**  
Alexander MacKendrick, 1951  
85'. DCP. Subt. Castelán

decembro  
**18** 18.00 e 20.30 h.  
Comedias Ealing  
**El quinteto de la muerte**  
Alexander MacKendrick, 1955  
96'. DCP. Subt. Castelán

decembro  
**19** 18.00 h.  
Off Galicia  
**Urbano Luguís. A travesía do océano**  
Iván Patiño, 2015  
48'. Vídeo HD. Entrada de balde

decembro  
**22** 18.00 h.  
Fóra de serie  
**My Fair Lady**  
George Cukor, 1964  
170'. DCP. Subt. Castelán

decembro  
**23** 19.30 h.  
Fóra de serie  
**My Fair Lady**  
George Cukor, 1964  
170'. DCP. Subt. Castelán

